

favum

o lugar da cera



Centro de Interpretación da Ceraría de Paraños (Covelo)



O lagar da cera de Paraños

O lagar da cera é unha edificación cunha prensa que se utilizaba para procesar a cera das abellas. Denomínase lagar, tanto ao edificio específico como á prensa de viga empregada na extracción da cera dos favos das abellas. Aseméllase en moitos aspectos aos lagares do viño, sidra ou aceite, aínda que ten unhas especificidades propias derivadas da materia prima que vai prensar.

Este lagar alberga tódolos elementos dos que se valían os artesáns cereiros durante a elaboración da cera amarela: a caldeira para ferver os favos coa auga, o conxunto de prensa de viga (formado por unha trabe duns 7 metros de lonxitude e o taco de prensar), as pías de pedra onde se decantaba a mestura e se separaba a auga da cera, o peso de pedra co seu fuso para poder exercer a presión, así como as pías de pedra nas que se arrefriaba a cera, colocadas contra as paredes da edificación.



Os curadoiros da cera

Os curadoiros ou eiras da cera son espazos arquitectónicos ao aire libre, cubertos con lousas de pedra e que adoitan formas diversas, podendo estar a rentes do chan ou elevados. Normalmente están orientados cara ao sur, sen ningún obstáculo que produza sombra para favorecer o mellor aproveitamento da insolación.

Son estruturas rectangulares, compostas por grandes lousas de granito, traballadas pola cara visíbel cunha leve inclinación. Conforman un empedrado perfecto e moi ben traballado que remata en todo o seu perímetro, nunha sorte de bordo feito en pedra elevado sobre a superficie da eira. Estes curadoiros poden chegar a ter unha superficie de 132 m².

Usábanse para branquear a cera ao sol (que era estendida sobre a súa superficie durante varios días). Con este proceso conseguíase que o efecto fotoquímico da radiación solar tornase a cera amarela en branca (chamada popularmente como “cera sperma”).



O vello oficio da ceraría tivo unha importancia considerábel en Covelo. Durante séculos os cereiros elaboraron candeas, exvotos e bloques de cera, que os levou a unha especialización aínda hoxe visíbel nun numeroso legado etnográfico. En **Favum, o lugar da cera**, os visitantes teñen a oportunidade de ollar polo miúdo todo o relacionado co oficio dos borreiros: dende o limiar orixinado nas pequenas “fábricas de cera” que son as abellas melíferas, até os distintos procesos da cera: a obtención da materia prima, a elaboración da cera amarela no lagar, o branqueo da cera, a fabricación de candeas e exvotos, maila súa comercialización.

